



INFORMA

Con data 10-06-2005 saíu publicado no DOG a relación de prazas que o Centro de Transfusión de Galicia oferta para a cobertura destes postos en réxime de contratación laboral indefinida. Dita convocatoria non recolle as bases que rexirán este proceso remitindo ao/á interesado/a a recoller as ditas bases no CTG, en Santiago de Compostela.

Unha vez analizadas estas bases encontrámonos, que no baremo de aplicación a puntuación que se outorga é a seguinte:

Experiencia profesional:

Fundación Centro de Transfusión de Galicia	x 0,25 puntos (por cada mes ou fracción).
SERGAS	x 0,05 puntos “ “ .
Outras entidades (fundacións sanitarias)	x 0,025 puntos “ “ .

Formación continuada:

Cursos relacionados co posto de traballo (+ de 20 h.)	
Organizados polo CTG	x 0,5 puntos.
Outros cursos	x 0,1 puntos.

O CTG está inmerso, ao igual que o resto das fundacións, nun proceso de estatutarización do seu persoal, e polo tanto débese rexer polos mesmos principios que o Sergas e a Consellaría de Sanidade exixiu ao resto das fundacións nos procesos selectivos que estas fundacións convocaron, é dicir, que exista unha mesma puntuación polos servizos presados na rede pública (Sergas, fundacións,...). Así mesmo, baixo este principio de reciprocidade, negociouse coas organizacións sindicais a estatutarización de todo o persoal das fundacións e empresas públicas.

A CIG-Saúde solicita da Administración que se tomen as medias oportunas para subsanar estes feitos, xa que do contrario a Administración incurriría nun agravio importante co resto do persoal que na actualidade presta servizos, con carácter eventual ou interino, no propio Sergas e no resto das fundacións.

De continuar este proceso nos termos que recolle a convocatoria, que explicación se lle dará ao resto do persoal?.

Atentamente,

Compostela, 16 de Xuño de 2005
Pola CIG-Saúde,

Asdo: María Xosé Abuín Álvarez

DIRECTOR XERAL DA DIVISIÓN DE RECURSOS HUMANOS DO SERGAS
San Lázaro, s/n.
Santiago de Compostela.-